



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
O U R E N S E
SECRETARÍA

DON BENITO GONZÁLEZ PÉREZ, SECRETARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE:

C E R T I F I C O: Que o Pleno da Corporación provincial, na sesión ordinaria do día **30 de novembro de 2001**, adoptou o seguinte **acordo**:

AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE Ó FUNCIONARIO DON GABRIEL MOUTTET ÁLVAREZ PARA ACTIVIDADE LABORAL PRIVADA

Unha vez vista a solicitude formulada por don Gabriel Mouttet Álvarez, interesando o recoñecemento de compatibilidade do posto que desempeña no Cadro Laboral desta Deputación, co exercicio de actividade laboral de cociñeiro por conta allea, **a Corporación**, de conformidade co dictame favorable da comisión informativa de Persoal, **acorda**, cos 16 votos favorables dos representantes do Grupo Popular e coa abstención dos 5 representantes do PSdeG.-PSOE e dos 3 do BNG, informar favorablemente a devandita solicitude, consonte co previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, no referente a actividades privadas, é dicir, con suxeición á xornada de traballo e horario, e a non invocar nin facer uso da condición pública para o exercicio da actividade profesional privada; así como á non realización de actividades profesionais privadas que teñan relación con este organismo público (artigos 11 ó 15 da citada lei), por si nin por persoa interposta, debendo respectarse a limitación de horario prevista no artigo 12.2 da mesma lei.

Na deliberación os representantes dos grupos políticos da oposición reiteran as mesmas razóns expostas no acordo anterior.

E para que conste, - nos termos do artigo 206 do vixente R.O.F.-, expido a presente certificación en Ourense, o trinta de novembro de dous mil un.

V. e pr.

O PRESIDENTE,